

BASES DE SUBVENCIONS PARA CURSOS NOS CENTROS E CASAS CULTURALS 2019

1.- OBXECTO

O Concello de Ponteareas no seu afán de impulsar e fomentar as actividades que ao longo do ano se desenvolven nos centros en nas casas culturais do termo municipal de Ponteareas promove unha liña de axudas para desenvolver cursos nos centros e casas culturais, incluídos dentro da Rede de Casas Culturais do Concello de Ponteareas, que así o soliciten.

2.- DESTINATARIOS

As asociacións culturais incluídas dentro da Rede de Casas e Centros Culturais do Concello de Ponteareas

3.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Cada entidade poderá solicitar ata un máximo de dous cursos, que presentará no **registro de entrada** do Concello de Ponteareas ou a través de calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes presentaranse no documento que estará a disposición das asociacións no departamento de cultura, e na páxina web do Concello xunto con estas bases.

O prazo de solicitude comezará a partir do día seguinte da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) do extracto destas bases remitidas pola Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), sen prexuízo da inserción na páxina web do Concello e no Taboleiro de Anuncios. **O prazo queda aberto ata o 10 de novembro de 2019 para facilitar que as diferentes Casas e Centros poidan organizar con tempo os cursos a solicitar, tendo en conta ademais a pouca duración dos mesmos.**

O prazo de presentación será cun mínimo dun **mes de antelación** á data que a Asociación teña prevista de comezo do curso e deberá acompañar unha **copia do DNI** da persoa que representa a entidade solicitante. Cando a solicitante sexa unha persoa xurídica deberá **acreditarse a representación por parte da persoa física que intervéñ en nome dela**. A asociación deberá estar ao corrente das obrigas fiscais ante a Administración Local de Ponteareas, estatal e autonómica e coa Seguridade Social, polo que deberán acreditálo cos

correspondentes certificados ou ben **cubrir o anexo que autoriza ao Concello para que recabe e obteña ditos certificados.**

4.- CONDICIÓN DO PROGRAMA

As accións formativas terán unha **duración de 15 horas.**

Estas accións formativas incluírán de forma transversal nos seus contidos o tratamento da igualdade efectiva entre mulleres e homes e impartiranse en lingua galega.

Para levar a cabo calquera acción formativa será necesario reunir un **mínimo de 10 persoas**, polo que unha semana antes de comezar o curso a asociación debe **remitir ao departamento un listado co nome DNI e teléfono dos asistentes ao curso**, para poder facer comprobacións se fose necesario, así mesmo a monitora ou monitor levará un control de asistencias. No caso de que non se alcance o número mínimo de alumnos, deben comunicarllo ao departamento de cultura á maior brevidade para paralizar os trámites administrativos correspondentes.

Non se poden cambiar os horarios establecidos unha vez notificados ao departamento, si xurde algún problema, deben trasladarllo ao departamento de cultura para solucionalo.

O número máximo de participantes no curso, establecerase dependendo da acción formativa.

Os obradoiros deberán realizarse durante o ano 2019.

5.- ASOCIACIÓNS PARTICIPANTES

Na elección da acción formativa deberán terse en conta as instalacións coas que conta a entidade, os equipamentos dos que dispón e as súas características específicas, ademais do material que deberá levar o alumnado.

A entidade proporcionará a súa sede ou un local de uso público para a realización do obradoiro. Deberá contar cunha aula-obradoiro con espazo suficiente para a realización de actividades prácticas ou tarefas manuais, que estea debidamente acondicionada, con ventilación natural, iluminación suficiente, calefacción, electricidade e toma de auga se fose necesaria. Esta aula deberá estar equipada, ademais, con mobiliario (mesas e cadeiras) para a persoa docente e para as persoas participantes no obradoiro.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do obradoiro deberá comunicárselle inmediatamente ao departamento de Cultura para así poder emendala.

As entidades participantes no programa **non poderán esixirlles ningunha cota ou calquera outra contía ás persoas que realicen a acción formativa, e terán prioridade os socios da asociación, pero se non se cumpre o número máximo de participantes teñen que admitir a persoas non socias.** En caso de calquera reclamación ou queixa por este motivo as entidades poden ser penalizadas coa non participación en edicións posteriores.

Unha vez finalizado o curso, a casa cultural achegará ao departamento de cultura unha declaración xurada, segundo o modelo facilitado, conforme o curso se deu nas condicións sinaladas, **dentro do prazo de dez días seguintes á finalización do curso.**

6.- OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES

O alumnado deberá levar o material requirido no catálogo para a acción formativa escollida, polo que é importante, á hora de elixir, ter en conta de que materiais deben dispoñer.

Non se poderá superar o 15 % de faltas inxustificadas nin o 25 % de faltas xustificadas, do contrario, o alumno quedaría excluído na participación da acción formativa do 2019.

Existe a posibilidade mediante acordo entre monitor e alumnos de poñer unha cantidade para mercar materiais necesarios

7.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

Unha vez recibida a solicitude no departamento de cultura **e verificado o cumprimento dos requisitos contidos nas bases 4 e 5,** dende o departamento de cultura iniciarase o contrato menor correspondente co monitor no que se propondrá **á Alcaldía para que dicte resolución accedendo a concesión do curso. A resolución será notificada a Asociación beneficiaria**

Os cursos concederanse por rigurosa orde de entrada.

Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación esixida requiriráselle á entidade interesada que, nun prazo máximo e improrrogable de dez (10) días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos coa advertencia de que de non presentalos se considerará desistida a súa petición. **En caso de requerimento de enmenda que sexa correxido, considerarase a efectos do cómputo da orde de entrada o da enmenda da solicitude.**

8.- ORZAMENTO

A contía consignada ascende para o ano 2019 a quince mil euros (15.000,00) con cargo á aplicación orzamentaria 33000-2269905 do Orzamento do Concello, sen prexuízo de que este crédito se amplíe. **A cuantía de cada subvención dependerá dos honorarios a satisfacer ó monitor que imparta cada curso e que se recollerán no pertinente contrato menor que se celebre con cada monitor.**

A concesión dos cursos queda sometida á condición de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución.

9.- PUBLICIDADE

Débese facer constar a organización e a colaboración do Concello de Ponteareas mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore.

Para as posibles consultas relacionadas con este tema está dispoñible o seguinte enderezo de correo electrónico: departamentocultura@gmail.com

10.- PRAZO DE VIXENCIA E ACEPTACIÓN DE BASES

Este programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019. A presentación da solicitude de cursos supón a aceptación destas bases.